



Secc. Sindical PSA-Peugeot-Citroé

Ningunear o coñecemento

Vigo, 16 de Febreiro de 2010

Na última reunión Dirección-Comité aprobouse pola maioría (FSI, UGT) o Plan de Formación que presentou a Empresa para este ano 2010.

Como todos/as coñecemos, trátase dunha materia, que conta coa subvención das Administracións Públicas, onde unha parte dese diñeiro son aportacións que mensualmente se restan das nóminas no apartado de "cargas sociais" a todos os traballadores/as.

A Formación non só é unha necesidade na estratexia dunha empresa, senón que, ademais, e así esta recollido por lei, é un dereito das persoas.

Máis alá das irregularidades que ó noso entender se deron no 2009, hai un novo factor que, pola súa gravidade, veu determinar a nosa contraria sinatura para este exercicio 2010.

Referímonos ó trato que vén dispensando a Dirección á respecto do *coñecemento e utilidade da formación*, cando menos en tres grupos:

1.- Persoal con FP2, temos no taller varios centos de traballadores/as que miran como o tempo vailles levando a súa formación académica por falla de oportunidades.

2.- Profesionais de Oficio, aí segue a sangría deste colectivo que, despois de décadas no exercicio das súas funcións e con demostrada valía incluso para impartir clases os seus propios compañeiros, son desterrados, namentres os de "cuchara" seguen promocionando.

3.- No colectivo de Técnicos e Administrativos, séguense formalizando algunhas contratacións, cando entre o persoal do Taller contamos con Diplomados/as e incluso Licenciados/as que poderían acceder a promoción interna tal como recolle o Art. 15 do Convenio Colectivo.

Alcanzar a media Europea en Formación, é unha preocupación social que compartimos todos, incluso neste Centro outórganse por Convenio Becas para estudos dos traballadores/as, e sendo así, *¿como conxugar o que por un lado se pide... "recursos para a formación", e ó mesmo tempo privar a todas estas persoas da oportunidade de poñer os seus coñecementos o servizo da fábrica e da propia Sociedade?*

Se a Dirección afirma que o capital humano, é o principal activo da empresa, *¿pode ter responsabilidade sobre o cadro de persoal, quen conscientemente ningunea a capacidade profesional e intelectual dos seus traballadores/as?*

Se ben, os homes e mulleres da C.I.G., seguiremos contribuíndo cos nosos impostos a tan necesaria Formación, os autores e colaboradores destes despropósitos *non poderán alegar que o fan no noso nome.*

Confederación Intersindical Galega